



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Normalización e Planificación da Lingua Galega		Código	613G02031
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Sanmartin Rei, Goretti	Correo electrónico	goretti.sanmartin.rei@udc.es	
Profesorado	Sanmartin Rei, Goretti	Correo electrónico	goretti.sanmartin.rei@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo da planificación do corpus e do status da lingua galega			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A23	Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.
A24	Dominar os modelos e técnicas da planificación lingüística.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B8	Apreciar a diversidade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.	A23		
	A24		
Adquirir capacidade de autoformación		B3	
Apreciar a diversidade		B8	
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.		B10	
Dominar os modelos e técnicas da planificación lingüística	A24		
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común			C4
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O concepto de planificación lingüística	1.1. A planificación lingüística como proceso 1.2. Planos e servizos de normalización lingüística
2. Antecedentes da planificación lingüística para o galego	2.1. As figuras de Sarmiento, Pintos e Murguía 2.2. As Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega de M.G.B. 2.3. A política da lingua da Xeración do 16



3. A etapa contemporánea. A política lingüística realizada dentro e fóra das institucións	3.1. Características xerais da política lingüística sobre o galego 3.2. Actuacións da Xunta de Galicia 3.3. O desenvolvemento dunha planificación lingüística desde os concellos 3.4. Outras planificacións institucionais. O caso das universidades 3.5. Evolución da política lingüística. De 1980 á actualidade
4. Propostas de planificación lingüística desde fóra das institucións.	4.1. O asociacionismo 4.2. As redes sociais
5. Planificación do corpus da lingua galega. O proceso de estandarización do galego	5.1. Antecedentes. O Rexurdimento e os comezos do século XX 5.2. As propostas normativas do galego moderno 5.3. O acordo normativo de 2003

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	8	12	20
Estudo de casos	6	6	12
Presentación oral	1	4.5	5.5
Aprendizaxe colaborativa	3	6	9
Análise de fontes documentais	3	7.5	10.5
Solución de problemas	3.5	7	10.5
Recensión bibliográfica	1	10.5	11.5
Traballos tutelados	2.5	15	17.5
Lecturas	3	12	15
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Desenvolvemento e análise crítica dos apartados do temario
Estudo de casos	Consideración de modelos de planificación e avaliación dos seus resultados
Presentación oral	Liñas básicas da exposición pública e de fórmulas para o debate e o consenso no ámbito da planificación lingüística
Aprendizaxe colaborativa	Realización de xogos de colaboración e aprendizaxe para a convivencia
Análise de fontes documentais	Procura e estudo de textos e recursos planificadores na actualidade
Solución de problemas	Exemplificación con diferentes etapas históricas e coñecemento das necesidades contextuais
Recensión bibliográfica	Comentario crítico valorativo dunha obra no momento en que se produce e na actualidade
Traballos tutelados	Seguimento dun aspecto relacionado co temario para afondar criticamente nun elemento conflitivo
Lecturas	Coñecemento e reflexión arredor dos textos fundamentais da planificación sociolingüística sobre o galego

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Presentación oral Recensión bibliográfica Traballos tutelados	<p>Precisaremos utilizar recursos expositivos baseados na procura de consensos que fuxan do recurso fácil ao xogo de maiorías e minorías nunha posta en escena que tentará convencer sobre a necesidade de aplicar unha medida ou unha serie de medidas de planificación nun sector ou grupo determinado.</p> <p>A recensión bibliográfica estará orientada ao coñecemento e á análise crítica das ideas máis polémicas que se poidan tirar da súa lectura.</p> <p>Os traballos tutelados implicarán un seguimento personalizado desde a propia elección do tema, á súa posíbel orientación e finalmente haberá tamén unha sesión común de valoración dos resultados.</p>
--	---

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Lecturas	As lecturas formarán parte esencial do traballo desenvolvido ao longo do curso e os seus contidos terán que ser desenvolvidos en diferentes exercicios e debates que se realizarán nas aulas.	30
Presentación oral	O/a estudante terá que argumentar sobre a necesidade de aplicar unha medida ou unha serie de medidas sobre planificación lingüística nun determinado ámbito ou sector.	20
Recensión bibliográfica	Entregaranse por escrito tres recensións bibliográficas sobre lecturas especializadas.	20
Traballos tutelados	Cada estudante terá que realizar un traballo sobre algún aspecto relacionado co temario, cuxo tema e cuxa orientación requirirá o visto e prace da persoa docente en sesións de seguimento. Haberá igualmente unha valoración conxunta final.	30

Observacións avaliación
Para a segunda oportunidade do mes de xullo, aquel alumnado que non superase a materia con anterioridade, terá que entregar, na data marcada para o exame, as recensións bibliográficas que non fosen avaliadas positivamente e o traballo tutelado caso de o reprobar con anterioridade. O resto da cualificación (un 50%) basearase nunha proba obxectiva sobre o programa da materia e as lecturas obrigatorias que conterán unha parte teórica e u caso práctico.

Fontes de información



Bibliografía básica

- Silva Valdivia, B. (2008). "Lingua e escola en Galicia: balance e propostas de futuro", Grial, 179: 48-59.. Grial
- Monteagudo, H. / García Conde, S. / López Ruíz de Castro, H. / Subiela, X. (2002). A normalización lingüística a debate. Vigo: Xerais
- Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). A planificación lingüística nos centros educativos . Santiago de Compostela: Xunta de Galicia
- Fishman, J. A. (2001). Can threatened languages be saved? . Clevedon: Multilingual Matters
- Rodríguez Sánchez, F. (1998 [1976]). Conflito lingüístico e ideoloxía na Galiza . Santiago: Laiovento
- Junyent, C. (1998). Contra la Planificació. Una proposta ecolingüística . Barcelona: Empúries
- García Negro, M. P. (2000). Dereitos lingüísticos e control político . Santiago de Compostela: Laiovento
- Moure, T. (2010). Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética . A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña
- Villares Naveira, L. (2010). Estudos xurídicos do Decreto de plurilingüismo . Bertamiráns, Ames: Laiovento
- Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). Guía práctica para a planificación lingüística nos centros educativos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia
- Cooper, R. (1989). Language Planning and Social Change . Cambridge: Cambridge University Press
- Christian, D. (1988). Languages planning: the view from Linguistics?, en Newmeyer, F. J.: Linguistics: The Cambridge Survey. IV. Language: The Socio-Cultural Context: 193-209 . Cambridge: Cambridge University Press
- Sanmartín Rei, G. (2010). Lingua e futuro . Ames: Laiovento
- Mosquera Carregal, X. (2010). Lingua e Xénero. VI Xornadas sobre Lingua e Usos . A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña
- Freixeiro Mato, X.R. (2002). Lingua galega: normalidade e conflito. Santiago de Compostela: Laiovento
- Skutnabb-Kangas, T. (2010). Linguistic genocide in education or worldwide diversity and human rights? . New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates
- Sanmartín Rei, G. (2009). Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación. Vigo: Xerais
- García Negro, M. P. (1991). O galego e as leis. Aproximación sociolingüística . Pontevedra: Cumio
- Alonso Pintos, S. (2006). O proceso de codificación do galego moderno (1950-1980). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza
- Monteagudo e Bouzada (2000). O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000. Volume I. Política lingüística: Análise e perspectivas . Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua
- Xunta de Galicia (2005). Plan xeral de normalización da lingua galega . Santiago de Compostela: Xunta de Galicia
- VVAA (1980). Problemática das línguas sen normalizar. Situación do galego e alternativas . Santiago de Compostela: ASPG
- García Negro, M. P. (2009). Sobre o racismo lingüístico . Santiago de Compostela: Laiovento
- Blanco Echaurren, X. / García Negro, M. P. / Sanmartín Rei, G. (2006). Textos filosófico-políticos de Ramón Vilar Ponte. Volume I . Lugo: Deputación Provincial de Lugo
- Carvalho Calero, R. (1992). Umha voz na Galiza . Santiago de Compostela: Sotelo Blanco
- Núñez Singala, M. C. (2001). "Algunhas reflexións verbo da elaboración de plans de política lingüística", Cadernos de lingua, 23: 35-52.. Cadernos de Lingua
- García Conde, S / Vaquero, I (1996). "Os servizos de normalización lingüística: proposta básica de funcionamento?", Cadernos de Lingua, 14: 101-116. Cadernos de Lingua
- Lorenzo Suárez, A. M. (2005). "Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego?", Cadernos de Lingua, 27: 37-59. Cadernos de Lingua
- García Conde, S. (1999). "Propostas básicas para o funcionamento e status legal dos SNL/SL?", en Domínguez Salgado, A. / Mayo Redondo, S. / Romero Rodríguez, D. (eds.): Actas dos II Encontros para a Normalización Lingüística: . Santiago de Compostela. Consello da Cultura Galega

Bibliografía complementaria



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías